

CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL PARA CENTROS DE ENSINO DE MONFORTE DE LEMOS

“PAISAXES FERROVIARIOS DE MONFORTE”

BASES

Primeira

A *Asociación Monfortina de Amigos do Ferrocarril -AMAFER* e o *Concello de Monforte de Lemos* organiza xunto cos *centros de ensino da cidade* o CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL PARA CENTROS DE ENSINO DE MONFORTE DE LEMOS “PAISAXES FERROVIARIOS DE MONFORTE”.

Segunda

Poderán participar alumnas/os de 3º e 4º de primaria que cursen os seus estudos en centros de ensino de Monforte.

Terceira

Os participantes deberán realizar un debuxo relacionado co mundo do *FERROCARRIL E A CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS*.

As obras levarán o nome do autor/a, o seu curso e o seu centro de ensino de maneira visible na parte inferior do debuxo presentado.

Haberá que participar con obras de creación propia. A técnica será libre e os debuxos realizaranse no soporte facilitado polo concello.

Cuarta

A entrega de orixinais realizarase a través dos centros de ensino no Rexistro Xeral do Concello de Monforte dende a data da convocatoria ata o luns 22 de xaneiro de 2018.

Quinta

PREMIOS

| | | | | |
|--------------|-----------|------------------------|-----------|------------------------|
| 3º PRIMARIA- | 1º premio | tablet 10” con teclado | 2º premio | impresora multifunción |
| 4º PRIMARIA- | 1º premio | tablet 10” con teclado | 2º premio | impresora multifunción |

Sexta

-O *xurado* do concurso estará composto por:

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

VOGAIS: Representantes de AMAFER e persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

SECRETARIO: O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

Sétima

O xurado cualificador do concurso reunirase o luns 29 de xaneiro no Concello de Monforte para valorar e decidir os premios establecidos e fará pública a súa decisión.

Oitava

Os traballos participantes no concurso quedarán en poder da Delegación de Cultura do Concello para realizar con eles unha montaxe audiovisual. Esta montaxe será presentada no salón de actos da *Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro* o luns 19 de febreiro ás 18:00 h, acto no que tamén se entregarán os premios e agasallos establecidos.

Esta montaxe audiovisual será instalada para a súa visión pública no Mupi do Concello sito na rúa Cardeal e nas páxinas webs do Concello e AMAFER.

Con posterioridade ó día 19 de febreiro os orixinais presentados ó concurso serán devoltos ós centros de ensino excepto os gañadores que quedarán en poder do Concello de Monforte e AMAFER.

Novena

Os traballos presentados terán incluída a cesión en favor do Concello de Monforte e AMAFER para a realización desta montaxe audiovisual, dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación.

A propiedade intelectual dos traballos gañadores corresponderá ó/á autor/a. Non obstante a concesión dos premios levará consigo sobre os traballos gañadores a cesión exclusiva e gratuíta en favor do Concello de Monforte de todos os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación por calquera modalidade, medio ou formato, incluídos os audiovisuais, os informáticos, os multimedia e os telemáticos. O Concello de Monforte e AMAFER poderá exercer os seus dereitos libremente, sen limitacións de tipo temporal ou territorial, sen que en ningún caso sexa necesaria a autorización do autor, que non terá dereito a ningún tipo de remuneración, percepción, participación, compensación nin indemnización por razón dese exercicio nin da cesión de dereitos.

Queda autorizado expresamente o Concello de Monforte e AMAFER para divulgar os traballos gañadores na forma e polos medios que considere máis oportunos e poderá exercer os seus dereitos sobre un fragmento ou parte do traballo, podendo adaptalo se fose necesario.

Décima

A participación no Concurso implica a total aceptación das presentes bases. A súa interpretación corresponde exclusivamente ó xurado o cal poderá deixar desertos os premios establecidos. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.